

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE MAIO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1551/2015.- RUBÉN CASTRO ADRÁN.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en lugar As Quintas nº 1 – Carballal.

LAP/232/2014.- ARIDOS CNC, S.L.- Conceder a licenza de obras para a construción dunha planta de elaboración de Tecnosoles a partir de residuos en lugar de Grixoa, Canteira de Miramontes.

LIC/1614/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PORTAL RUA DE BOIRO Nº 12.- Conceder a licenza de obras para rehabilitación parcial e colocación de ascensor de edificio de vivendas en rúa de Boiro nº 12.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en lugar As Quintas nº 1 - Carballal. LIC/1551/2015. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para a construción dunha planta de elaboración de Tecnosoles a partir de residuos en lugar de Grixoa, Canteira de Miramontes. LAP/232/2014. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para rehabilitación parcial e colocación de ascensor de edificio de vivendas en rúa de Boiro nº 12. LIC/1614/2015. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á incorporación dunha empresa ao Rexistro de Rehabilitación, e a súa homologación con carácter provisional. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a non incorporación dos remanentes do proxecto de gasto 2013-2.VISAL-6 e revogación da axuda correspondente. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a dazón de conta da liquidación do 1º trimestre 2016 polas persoas dependentes atendidas no Servizo Municipal de Axuda no Fogar. Dase conta de que o Concello de Santiago devengou polo primeiro trimestre do ano 2016 a contía de 145.617,908 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á iniciación do procedemento, aprobación das bases reguladoras e da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2016/2017. Apróbase a convocatoria de bolsas, por un importe total de 360.000 euros. Desa cifra, 144.000 euros irán con cargo aos orzamentos de 2016, e os 216.000 euros restantes con cargo ao orzamento de 2017.

9.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas

á extinción e xustificación de axudas concedidas no ano 2015 no marco do Programa Santiago Suma de Inclusión Social. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía para dar conta do veredicto do xurado do IX Premio Internacional Compostela para Albums Ilustrados. Dase conta do veredicto do xurado, que declarou gañador do premio o traballo presentado baixo o lema "El último día " por Antonis Papatheodoulou e Iris Samartzi, de Atenas.

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Mocidade relativa á aprobación do programa de verán da dita Concellería "Campamento Ondiñas Surf Camp" e dos seus prezos públicos . Apróbase a programación de verán da concellería de Mocidade para o período comprendido entre o 11 e o 18 de xullo de 2016, cuxo gasto ascende a 7.935,60 euros. Prevese un ingreso de 3.000 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Acción cultural relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, para as bibliotecas de titularidade municipal integradas na rede de bibliotecas de Galicia para 2016. Apróbase solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a subvención para a dotación de novidades editoriais en galego e en formato físico, con destino á biblioteca pública municipal José Saramago. A achega poderá ter unha contía máxima de 3.500 euros.

13.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do texto do convenio nominativo entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Correlingua. Apróbase o convenio para a concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua por importe de 2.500 euros.

14.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación da convocatoria do IV Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego. Apróbase a convocatoria do concurso, ao que poden concorrer profesionais do deseño e da comunicación ou titulares de empresas asentadas en Santiago. Concederanse dous premios dotados cada un con 5.000 euros.

15.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do texto do convenio nominativo entre o concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Cidade Vella. Apróbase a concesión directa da subvención á Asociación Cultural Cidade Vella, por importe de 28.190 euros.

16.- Recoñecemento extraxudicial de crédito. Apróbase a proposta.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude á empresa TUSSA dun estudio sobre a viabilidade de asumir a xestión directa dos servizos públicos de ORA e guindastre. Apróbase a proposta.

18.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á designación de membros que formarán parte en representación do goberno municipal, na Comisión de Avaliación do Desempeño. Apróbase a proposta.

19.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha bonificación no IBI. Apróbase a proposta.

20.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

21.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación dunha exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

22.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento do recurso de reposición contra o acordo da sesión de 6.6.14, de denegación dunha bonificación no IBI. Apróbase a proposta.

23.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha exención no IBI . Apróbase a proposta.

24 a 61.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.